



PREGO DE CONDICIÓN S PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE POXA, EN RÉXIME DE COMPRAVENDA OU ALUGUEIRO, DE LOCAIS DE NEGOCIO E PRAZAS DE GARAXE PROPIEDAD E DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO.

1.- OBXECTO E RÉXIME XURÍDICO DA POXA

O presente prego ten por obxecto regular o procedemento para a adxudicación, en réxime de compravenda ou alugueiro, dos locais de negocio e as prazas de garaxe propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS) que se relacionan no Anexo I e II deste prego.

A poxa rexerá polo presente prego e, subsidiariamente, pola Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e polo Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS, e demais normativa de aplicación.

As dúbidas e lagoas que se puideran presentar resolveráse aplicando os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), de conformidade co disposto no seu artigo 4.

2.- NATUREZA DAS ADXUDICACIÓN S QUE RESULTEN DA POXA

As adxudicacións que resulten da poxa terán a cualificación de contratos privados, polo que están excluídos do ámbito de aplicación da LCSP, segundo o establecido no seu artigo 9.2.



3.- PREZO E FORMA DE PAGO

De conformidade ao establecido no artigo 65.1 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, o prezo que serve de base de licitación para o alleamento ou alugueiro desta poxa é o de mercado. O devandito prezo determinouse de acordo o disposto na normativa vixente, tras o informe da unidade técnica do IGVS, tendo en conta a localización, superficie, características e uso dos inmobles, así como a evolución esperada do mercado, sendo o especificado para cada local e praza de garaxe o sinalado, respectivamente, nos Anexos I e II.

O prezo da compravenda aboarase ao contado, mediante transferencia bancaria no número de conta que se facilitará, para estes efectos, na resolución de adxudicación, debendo acreditarse este extremo no momento de outorgar a correspondente escritura pública ou contrato de compravenda, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 66 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro.

A renda do alugueiro aboarase mensualmente, de acordo co establecido no contrato que se asine co IGVS.

4.- PUBLICIDADE

O anuncio da poxa será publicado no Diario Oficial da Galicia e na páxina web do IGVS: <http://igvs.xunta.es/web/igvs/350>.

Os pregos figurarán na páxina web do IGVS desde o día no que o anuncio de licitación se publique no Diario Oficial de Galicia.

5.- CAPACIDADE E REQUISITOS DOS OFERTANTES

Poderán tomar parte na poxa todas as persoas, físicas ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que, tendo plena capacidade de obrar, non incorran en ningunha das prohibicións de contratar previstas no artigo 71 da LCSP.

No caso das prazas de garaxe que formen parte de promocións nas que o IGVS teña a condición de propietario na súa totalidade, so se admitirán ofertas para o



alugueiro, tendo preferencia para a súa adxudicación, en calquera caso, os adxudicatarios dos inmobles que integren ditas promocións.

6.- GARANTÍA PROVISIONAL

1. Para poder tomar parte na poxa as persoas interesadas deberán acreditar a consignación, a disposición do IGVS, dunha garantía provisional por importe do 3% do valor base de venda do ben que soliciten, no caso de que queiran participar na modalidade de compravenda, ou do 3% do valor base da renda anual, no caso de que liciten na modalidade de alugueiro.

A garantía poderá ser constituída en calquera das formas recollidas no artigo 108.1 da LCSP, que son:

- En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento da LCSP. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda.
- Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía mutua autorizados para operar en España, que deberá depositarse no establecemento sinalado no parágrafo anterior.
- Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para actuar no ramo da caución.

2. No caso de que se licite por dous ou máis bens, a garantía constituirase, nos termos indicados no parágrafo anterior, por separado para cada un dos inmobles.

3. Nos supostos de ofertas en compra, a garantía provisional constituída pola persoas que non resultaran adxudicatarias lles será cancelada ou restituída, segundo a súa modalidade, unha vez outorgada a escritura de compravenda do local ou garaxe para o que presentaran a oferta.



4. Nos supostos de ofertar en aluguer, a garantía provisional constituída pola persoas que non resultaran adxudicatarias lles será cancelada ou restituída, segundo a súa modalidade, en canto estea asinado o contrato de aluguer do local ou garaxe para o que presentaran a oferta.

5. A garantía provisional será cancelada ou restituída, segundo a súa modalidade, ás persoas adxudicatarias en réxime de compra, en canto acrediten ter ingresado a totalidade do importe de adxudicación no prazo indicado na resolución de adxudicación e formalizado o correspondente contrato de compravenda.

6. A garantía provisional será cancelada ou restituída, segundo a súa modalidade, ás persoas adxudicatarias en réxime de alugueiro, en canto procedan a aboar o importe de dúas mensualidades de renda en concepto de fianza do contrato de alugueiro e formalizado o correspondente contrato de alugueiro, conforme ao establecido na cláusula décimo segunda deste prego.

7. A renuncia expresa da persoa ofertante proposta como adxudicataria determinará a incautación da garantía provisional.

7.- LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

A documentación que deben presentar os ofertantes, contida nos sobres número 1 e número 2, descritos nesta cláusula, presentarase nun único sobre, pechado e asinado polo ofertante ou persoa que o represente, con indicación do seu nome, apelidos, teléfono móbil, correo electrónico e o seu domicilio. No anverso deste sobre de presentación de documentos constará o seguinte texto: *"Contén documentación para participar na poxa pública dos locais de negocio e prazas de garaxe do IGVS, na modalidade de compravenda/alugueiro, que a continuación se relacionan: ..."*.

Ademais do citado texto, deberán enumerarse por columnas os locais e/ou prazas de garaxe incluídos na oferta, nas que se expresarán, os seguintes datos, consonte o reflectido nos Anexos I e II deste prego: expediente, localidade e provincia.

As ofertas deberán remitirse por correo certificado, a través das oficinas de Correos, e dirixirse ao Área Provincial do IGVS na que se atopen os inmobles. As ofertas



remitidas por unha vía diferente ao lugar indicado non serán admitidas. Para estes efectos, as direccións correspondentes ás Áreas Provinciais, segundo o lugar no que se atope o inmovible, son as seguintes:

- A Coruña: Rúa Vicente Ferrer, 2, 9ª planta, Edificio administrativo de Monelos. C.P.: 15008.
- Lugo: Avenida de Ramón Ferreiro, 28. C.P.: 27002.
- Ourense: Rúa Sáenz Díez, 1.C.P.: 32003.
- Pontevedra: Rúa Alcalde Hevia, 7. C.P.: 36003.

No caso de presentarse ofertas para locais e/ou garaxes localizados en diferentes provincias, a presentación deberá realizarse en sobres distintos, dirixidos á dirección correspondente, segundo a provincia na que se atope o inmovible. Non serán admitidas as ofertas relativas a inmobles que non cumpran este requisito.

No mesmo día da presentación da oferta o licitador deberá remitir un correo electrónico indicando a data do envío na oficina de Correos e os datos identificativos da persoa ou entidade que remite a documentación. O correo electrónico deberá remitirse ao seguinte dirección de correo electrónico, segundo a provincia onde se atope o inmovible:

A Coruña: igvs.coruna@xunta.gal

Lugo: igvs.lugo@xunta.gal

Ourense: igvs.ourense@xunta.gal

Pontevedra: registro.igvs.po@xunta.gal

Sen a concorrencia dos citados requisitos, a oferta non será admitida, para o suposto de que fora recibida na correspondente área provincial do IGVS con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

As ofertas deberán presentarse antes das 14:00 horas do trixésimo día natural seguinte ao da publicación da resolución da poxa no Diario Oficial de Galicia. De coincidir o referido día en sábado, domingo ou festivo, o prazo para a presentación



de proposicións finalizará ás 14.00 horas do primeiro día hábil seguinte.

Transcorridos dez días naturais dende a finalización do prazo indicado sen recibir a oferta, esta non será admitida en ningún caso.

Unha vez entregada ou remitida a oferta, a súa retirada determinará a perda da garantía constituída.

A presentación da oferta polos licitadores presume o seu coñecemento e aceptación incondicional das cláusulas deste prego.

► **SOBRE NÚM. 1.- Documentación acreditativa do cumprimento de requisitos de participación.**

Deberá presentarse pechado e asinado polo ofertante ou persoa que o represente.

No seu exterior deberá constar o seguinte texto: *"Sobre número 1: Documentación acreditativa do cumprimento de requisitos para participar na poxa pública dos locais de negocio e prazas de garaxe do IGVS, na modalidade de compravenda/alugueiro, que a continuación se relacionan: expediente, localidade e provincia (consonte os datos que figuran nos Anexos I e II)".* Ademais, deberá figurar no exterior o nome completo do ofertante, así como o enderezo, o teléfono e o enderezo de correo electrónico.

Este sobre deberá conter a seguinte documentación:

1.- Documentación acreditativa da súa personalidade xurídica e capacidade de obrar, nos seguintes termos:

1.1- Se se trata dunha persoa física ou dun empresario individual, documento nacional de identidade e o número de identificación fiscal ou documento equivalente.

1.2- Se se trata dunha persoa xurídica, escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no rexistro público correspondente, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no



correspondente rexistro oficial, así como o número de identificación fiscal ou documento equivalente.

1.3- Se se trata dunha persoa física ou xurídica non española dun Estado membro da Unión Europea, deberá presentar, traducida de forma oficial ao castelán, a seguinte documentación:

1.3.1- Documento de identidade persoal, expedido polas autoridades do seu país, para o caso de que o ofertante fose unha persoa física. Se se tratase dunha persoa xurídica, os seus documentos constitutivos, inscritos nun rexistro profesional ou comercial, cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo.

1.3.2- Poder bastante, para o caso de que o ofertante non actúe en nome propio ou se trate de persoa xurídica.

1.3.3- Declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puidesen xurdir como consecuencia da poxa, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder.

1.4- Os ofertantes estranxeiros de Estados non membros da Unión Europea, ademais da documentación esixida no apartado anterior, deberán presentar un certificado expedido pola Embaixada de España no Estado correspondente, no que se certifique que o ofertante ten capacidade de obrar.

2.- No caso de que o ofertante actúe mediante representación, así como no caso de que a oferta sexa realizada por dúas ou máis persoas, documento acreditativo de quen asume a representación, a cal deberá figurar inscrita no Rexistro Mercantil, para o caso de que o ofertante sexa unha persoa xurídica.

3.- Declaración responsable de contar cos requisitos de capacidade de obrar e personalidade e, no seu caso, de representación, necesarios para poder participar na licitación, así como de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición para contratar previstos no artigo 71 da LCSP, segundo modelo establecido no Anexo III deste prego.

4.- Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social que acredite



que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

5.- Certificación positiva expedida pola Consellería de Facenda e Administración Pública de non ter contraída débeda ningunha coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, que acredite que o licitador se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.

7.- Documento acreditativo de constituír a correspondente garantía provisional para participar na poxa, conforme ao disposto na cláusula sexta deste prego. Para o caso de que a oferta se refira a varias bens, deberán achegarse tantos documentos acreditativos como bens sobre os que se realiza a oferta.

8.- Declaración sobre a actividade a que, no seu caso, dedicará o local.

► **SOBRE Nº 2.- Proposición Económica.**

Deberá presentarse pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente.

No seu exterior deberá constar o seguinte texto: *"Sobre número 2: Oferta económica para participar na poxa pública dos locais de negocio e prazas de garaxe do IGVS, na modalidade de compravenda/alugueiro, que a continuación se relacionan:..."*. Ademais, deberá figurar no exterior o nome completo do ofertante, así como o enderezo, o teléfono e o enderezo de correo electrónico.

Neste sobre figurará a proposición económica, conforme ao modelo que se inclúe como Anexo IV do presente prego.

A proposición económica que figure no sobre non poderá ser, en ningún caso, inferior ao prezo de saída; noutro caso, terase por non formulada.

Se os ofertantes licitasen por dous ou máis bens, deberán presentar para cada un deles, separadamente, a oferta económica, segundo o modelo previsto no Anexo IV.

O ofertante deberá presentar unha única proposición económica por cada inmovible. Non obstante, no caso de que presentara máis dunha proposición económica para un mesmo ben, considerase unicamente a oferta económica máis elevada.



No suposto de que un mesmo oferente presentase unha proposición en compra e outra en alugueiro para un mesmo inmovible, admitiranse as dúas, pero terá preferencia a presentada para compra. Exceptúase o suposto das prazas de garaxe que formen parte de promocións nas que o IGVS teña a condición de propietario na súa totalidade, pois nestes casos so se admitirán ofertas para o alugueiro.

A oferta económica expresarase en cifra e en letra. No caso de existir discordancia entre a cantidade ofertada e consignada en cifras e a cantidade expresada en letra, prevalecerá a cantidade expresada en letra.

8.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os bens adxudicaranse, en compravenda ou alugueiro, en poxa a favor daqueles que fixeran a mellor oferta económica. O prezo fixado, excluído o IVE, que, como mínimo, terán que propoñer os interesados na adxudicación para cada local e praza da garaxe é o determinado nos Anexos I e II, segundo corresponda.

De existir ofertas para compra e para alugueiro dun mesmo inmovible, terán preferencia para a adxudicación, en todo caso, as ofertas presentadas para a compra.

9.- MESA DE VALORACIÓN

A persoa titular da xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de cada provincia designará aos membros que formarán parte da correspondente Mesa de valoración das ofertas, a cal terá a seguinte composición: un presidente/a, o xefe/a de Área do IGVS da provincia correspondente ou persoa que legalmente o substitúa; tres vogais: un representante da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, un representante da Intervención Xeral da Xunta de Galicia e un funcionario/a da Área Provincial do IGVS. Como Secretario/a da Mesa actuará un funcionario/a da Xefatura da Área Provincial do IGVS designado para estes efectos polo presidente/a da Mesa de Valoración.

10.- APERTURA DE OFERTAS

10.1.- Apertura do Sobre núm. 1.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións, reunirse a Mesa de Valoración no lugar, data e hora que designe a Presidencia, a fin de proceder á apertura do Sobre núm. 1 e de valorar a presentación da correspondente documentación en tempo e forma.

Para os efectos da expresada valoración, a Presidencia ordenará a apertura dos sobres presentados por cada ofertante e o Secretario/a da Mesa certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles. Se como resultado da valoración dos documentos, se observasen defectos susceptibles de emendar, comunicárase dita circunstancia ás persoas interesadas mediante o oportuno requirimento realizado a través do Sistema de Notificación Electrónica da Xunta de Galicia.

A documentación requirida deberá ser remitida dixitalmente na Sede Electrónica da Xunta de Galicia na seguinte enlace web: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A> no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte á notificación deste acordo.

Se, transcorrido dito prazo, o defecto non fora emendado, entenderase que a persoa requirida retira a súa oferta, o que determinará a incautación da garantía provisional.

10.2.- Acto da poxa pública.

O acto da poxa será público e a súa realización levarase a cabo no lugar, data e hora que se indique no anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia, así como na páxina web do IGVS: <http://igvs.xunta.es/web/igvs/350>.

Declarado aberto o acto pola Presidencia, o secretario/a da Mesa dará lectura da relación de oferentes admitidos e inadmitidos, así como, neste caso, a causa da súa exclusión.

A continuación, abriranse as ofertas económicas presentadas no Sobre núm. 2 que fosen admitidas e darase lectura do seu contido. En caso de empate en mais dunha oferta, en compra o en alugueiro, por un mesmo inmovible, producirase a poxa entre



os que licitaron por el. O poxa realizase seguindo o número de expediente que figura nos anexos I y II e, dentro de cada un, polas ofertas realizadas en compra para, posteriormente, continuar coas ofertas realizadas en alugueiro.

No caso das prazas de garaxe que formen parte de promocións nas que o IGVS teña a condición de propietario na súa totalidade, terán preferencia nesta poxa os adxudicatarios dos inmobles que integren ditas promocións.

Os incrementos mínimos a realizar na poxa serán os seguintes, en función de que as ofertas sexan para a compra ou para o alugueiro:

No caso de ofertas para a compra:

- ata 6.000,00 euros, incremento mínimo de 200,00 euros.
- entre 6.000,01 euros e 30.000,00 euros, incremento mínimo de 400,00 euros.
- entre 30.000,01 euros e 60.000,00 euros, incremento mínimo de 600,00 euros.
- entre 60.000,01 euros e 150.000, 00 euros, incremento mínimo de 800,00 euros.
- superior a 150.000,00 euros, incremento mínimo de 1.000,00 euros.

No caso de ofertas para o alugueiro:

- ata 200,00 euros, incremento mínimo de 50,00 euros.
- entre 200,01 e 600,00 euros, incremento mínimo de 100,00 euros.
- entre 600,01 euros e 1000,00 euros, incremento mínimo de 200,00 euros.
- entre 1000,01 euros e 6.000,00 euros, incremento mínimo de 400,00 euros.
- superior a 6.000,00 euros, incremento mínimo de 600,00 euros.

As ofertas deberán expresarse en euros e en voz alta, de forma clara e precisa.

No caso de subsistir o empate, a Mesa formulará proposta de adjudicación, atendendo ao criterio da prioridade no tempo da solicitude. Para estes efectos, estarase á data de presentación das ofertas nas oficinas de Correos.

No caso de que non estivesen presentes todos os ofertantes afectados polo empate, verificarase a poxa entre os que concorran. Se acadase un único licitador, resolverase



ao seu favor. Se non se presentase ningún á poxa, adxudicárase atendendo ao criterio da prioridade, conforme ao indicado anteriormente.

Tras a lectura de todas as proposicións admitidas, a Mesa, por declaración da Presidencia, emitirá proposta de adxudicación de cada un dos inmobles ao seu mellor ofertante, entendéndose como tal o que ofrezca a oferta económica máis elevada.

Emitida a proposta de adxudicación, do resultado das sesións levantarase acta polo secretario/a, na que se recollerán todas e cada unha das incidencias ocorridas na poxa, así como os nomes ou razón social de tódolos oferentes, os propostos como adxudicatarios, os locais e/ou prazas de garaxe que lles correspondan e o prezo de remate de cada un deles.

11.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Dentro dos cinco días hábiles seguintes ao do final do acto da poxa, a Mesa de Valoración de cada Área Provincial elevará o expediente instruído, a proposta de adxudicación, así como a documentación e observacións que estime oportunas á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, quen, en atención ao actuado, acordará a resolución que proceda en dereito.

Se o adxudicatario renunciase por calquera motivo ao inmovible ou non cumprise as condicións necesarias para a formalización do contrato, este ofreceráselle ao seguinte mellor ofertante polo prezo que ofertara na poxa. Se este tamén renunciase ou non cumprise as citadas condicións, terá esta opción o seguinte licitador dese inmovible, e así, sucesivamente. Nestes casos, os renunciantes perderán o dereito á devolución da garantía provisional constituída.

Unha vez seleccionados os adxudicatarios e outorgadas as adxudicacións correspondentes, a documentación presentada polos licitadores quedará a disposición destes, que poderán recollela, por se mesmos ou por medio de representante, no prazo dun mes, a contar dende o remate da poxa. Transcorrido o citado prazo, entenderase que renuncian a ela.



12.- OBRIGAS DOS ADXUDICATARIOS.

12.1.- Obrigas dos adxudicatarios de locais comerciais.

A) Obrigas comúns a todos os adxudicatarios.

1º) Destinar o local a actividade que non sexa potencialmente perigosa, nociva, molesta ou insalubre, nin que vaia contra o establecido nos estatutos da comunidade de propietarios e nas ordenanzas do concello. Será obriga e responsabilidade do adxudicatario a obtención das preceptivas licencias municipais para o exercicio da actividade de que se trate.

2º) Asumir pola súa conta o acondicionamento do local.

A licenza de obras para as de acondicionamento e instalación do local, a de apertura e calquera outra que sexa necesaria para o exercicio da actividade que o interesado se propoña exercer no local ou locais adxudicados, deberá obtelas pola súa conta e medios, sen que sobre este punto asuma ningunha responsabilidade o Instituto Galego da Vivenda e Solo, nin garanta a súa concesión polo feito da adxudicación.

3º) Asumir a contratación dos servizos individuais, mediante aparellos contadores, tales como o de auga, gas, electricidade e outros semellantes e os gastos que deriven delas. Igualmente deberá asumir o mantemento e as inspeccións obrigatorias das instalacións necesarias para estas subministracións.

B) Obrigas específicas dos adxudicatarios en réxime de compravenda.

1º) Acreditar ter ingresado o importe íntegro do inmovible no prazo que se lle indique na resolución da adxudicación, que non será inferior a trinta días naturais.

De conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, o incumprimento desta obriga facultará ao IGVS para resolver a adxudicación, con perda da garantía provisional constituída, sen prexuízo das demais responsabilidades en que puidera incurrir.



Da mesma forma, deberase acreditar o ingreso dunha cantidade equivalente ao Imposto sobre o Valor Engadido, que en ningún caso se considerará incluído na oferta.

Os ingresos a que se refire o apartado anterior deberán facerse na conta bancaria que ao efecto se sinala na resolución de adxudicación.

2º) Formalizar o contrato de compravenda, así como elevalo a escritura pública na data que sinala o IGVS, perante o notario que por quenda lles corresponda. Para estes efectos, o inmovible adquirirase como corpo certo.

3º) Aboar todos os gastos notariais e rexistrais que se produzan como consecuencia do outorgamento da escritura compravenda. Ademais, quedará obrigado o comprador a entregar ao IGVS a copia da escritura debidamente inscrita no Rexistro da Propiedade.

O incumprimento das obrigas asumidas polo comprador que se elevasen a elemento esencial do contrato terán o carácter de condición resolutoria expresa da compravenda e da adxudicación da que trae causa, debendo constar tal circunstancia na escritura pública, e todo elo con independencia dos danos e prexuízos que corresponda satisfacer ao IGVS e que sexan consecuencia de ditos incumprimentos.

C) Obrigas específicas dos adxudicatarios en réxime de alugueiro.

1º) Aboar, no prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación da resolución e, en todo caso, con carácter previo á sinatura do contrato, o importe de dúas mensualidades de renda, en concepto de fianza do contrato de alugueiro, de conformidade co artigo 36 da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

De conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, o incumprimento desta obriga facultará ao IGVS para resolver a adxudicación, con perda da garantía provisional constituída, sen prexuízo das demais responsabilidades en que puidera incurrir.

2º) Formalizar o contrato de arrendamento na data que sinala o IGVS.



3º) Aboar as mensualidades de renda, xunto co IVE, na forma determinada no contrato de arrendamento.

4º) Aboar os gastos de comunidade: Serán de conta do adxudicatario o pagamento dos gastos xerais para o adecuado sostemento do bloque ou, no seu caso, do grupo no que está o ben, os seus servizos comúns, tributos, cargas, e demais responsabilidades que non sexan susceptibles de individualización, e que o propietario satisfaga para a prestación dos servizos que o adxudicatario goce por tal concepto.

5º) Asumir o acondicionamento do ben.

As obras necesarias para o acondicionamento e instalación do local adxudicado realizaranse de acordo ao proxecto a presentar na Área Provincial do IGVS, a fin de instar a pertinente conformidade para a súa realización, previo informe dos Servizos Técnicos do citado organismo.

O IGVS resérvase o dereito de inspeccionar as obras que se realicen no local do adxudicatario, a fin de asegurar que se executen conforme coa normativa vixente, quedando obrigado o adxudicatario a facilitar ao técnico designado a labor de inspección encomendada.

A licenza de obras para as obras de acondicionamento e instalación do local, a de apertura e calquera outra que sexa necesaria para o exercicio da actividade que o interesado se propoña exercer no local ou locais adxudicados deberá obtelas pola súa conta e medios, sen que sobre este punto asuma ningunha responsabilidade o IGVS, nin garanta a súa concesión polo feito da adxudicación

As obras e melloras quedarán a beneficio do IGVS ao extinguirse o contrato, sen obriga de indemnización ou compensación algunha.

A validez do contrato de arrendamento non se verá afectada se o arrendatario non obtén algunha das licencias necesarias, incluída a de apertura, ou se calquera delas é revogada no futuro, agás no caso de que as devanditas licencias non se concedan ou se revoguen por causas imputables ao arrendador segundo o disposto no presente contrato.



A colocación na fachada de rótulos ou anuncios de calquera clase necesitará do previo consentimento escrito do arrendador, que poderá esixir que non desmereza do aspecto xeral do edificio, todo elo sen prexuízo do permiso da Comunidade de propietarios que deberá obter o arrendatario.

6º) Asumir as seguintes condicións esenciais do contrato:

I. Duración do arrendamento

A duración do arrendamento será de sete (7) anos, a contar desde a data de sinatura do contrato, prorrogables por períodos anuais, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 29/1994, de 24 de novembro. Transcorrido o período de sete anos, o contrato poderá ser obxecto de prórrogas anuais.

II. Revisión da renda

A renda será actualizada na data en que se cumpra cada ano de vixencia do contrato, aplicando á renda correspondente a variación porcentual experimentada polo índice de prezos ao consumo do Instituto Nacional de Estatística a nivel provincial, nun período de doce meses inmediatamente anterior á data de cada actualización.

A renda actualizada será esixible ao arrendatario a partir do mes seguinte a aquel na que a parte interesada o notifique á outra parte por escrito, expresando a porcentaxe de alteración aplicada e xuntando, se o arrendatario o esixise, a oportuna certificación do Instituto Nacional de Estatística, ou facendo referencia ao "Boletín Oficial" no que se publique.

III. Prohibición de subarrendamentos, cesións, traspasos ou substitucións

O arrendatario non poderá ceder, subarrendar ou traspasar o dereito que naza do contrato, nin ser substituído por outro no seu dereito. No caso de falecemento do arrendatario os seus herdeiros poderán subrogarse no arrendamento na forma establecida no artigo 33 da Lei 29/1994, de 24 de novembro.

IV. Exclusión da aplicación dos artigos 31 e 34 da LAU

No contrato establecerase expresamente que non serán de aplicación a estes arrendamentos o establecido nos artigos 31 e 34 da Lei 29/1994, de 24 de novembro.



V. Aseguramento do ben

A parte arrendataria comprometerase a contratar e manter en vigor durante a vixencia do contrato unha póliza de seguro na que se designe como beneficiaria á parte arrendadora e que asegure o ben como mínimo contra o risco de incendio e de responsabilidade civil que cubra o risco de danos e prexuízos que puideran ocasionarse a persoas, cousas ou ao propio inmovible, como consecuencia do uso do local, sexa por actos ou omisións do arrendatario ou do persoal dependente.

A parte arrendataria exime expresamente á propietaria de calquera responsabilidade derivada do funcionamento e posta en marcha do negocio instalado no local.

A parte arrendataria deberá presentar ante o IGVS, no prazo máximo dun mes desde a sinatura do contrato, copia da póliza/s do seguro/s referido/s. O incumprimento desta obriga determinará a resolución do contrato.

VI. Pagamento do Imposto de Bens Inmóbles (IBI)

No que atinxe ao IBI que grava o ben, acórdase polas partes que o seu pagamento lle corresponda ao arrendatario. O primeiro recibo de pagamento do IBI que asume o arrendatario será o correspondente ao do exercicio seguinte ao ano de asinamento do contrato.

VII. Outras obrigas do arrendatario

Con renuncia expresa ao disposto no artigo 30, en relación co artigo 21 da Lei 29/1994, de 24 de novembro, o arrendatario virá obrigado a manter en bo estado de uso e conservación o ben arrendado, así como todas as instalacións existentes. Farase responsable, igualmente, da reparación de cantos danos se causen aos elementos comúns do inmovible.

O arrendatario, como usuario das instalacións, asumirá expresamente a obriga de realizar á súa costa as operacións de inspección obrigatoria e mantemento obrigatorio das instalacións individuais térmicas de gas ou doutras que tivera o ben, de acordo co que estableza a normativa vixente en materia de instalacións térmicas e/ ou de distribución de combustibles gaseosos.

No caso de que no ben exista calquera outro tipo de instalación nas que sexa



obrigatoria a súa revisión periódica, será dita revisión así como as reparacións e substitucións que se deriven do desgaste polo uso ordinario de cargo do arrendatario.

O arrendatario asume a súa exclusiva responsabilidade polos danos que puideran ocasionarse a persoas ou cousas e que se deriven de instalacións para servizos e subministracións do local arrendado, quedando o arrendador exento de toda responsabilidade derivada de calquera subministración ao local.

A parte arrendataria virá obrigada, ademais:

- a) A non realizar instalación ningunha que produza vibracións ou ruídos molestos para o resto de ocupantes do inmovible ou dos lindeiros, ou que podan afectar á consistencia ou conservación do inmovible.
- b) A non almacenar ou manipular no ben materiais explosivos, inflamables, ou insalubres, así como respectar as disposicións vixentes na materia.
- c) A permitir o acceso ao ben para a realización de inspeccións e comprobación ou realización de obras e reparacións.
- d) A respectar as normas estatutarias, regulamentarias e acordos da Comunidade de propietarios do inmovible, respecto á utilización dos elementos comúns e do réxime de convivencia.

12.2- Obrigas dos adxudicatarios de prazas de garaxe.

A) Obrigas comúns a todos os adxudicatarios.

- Destinar o inmovible exclusivamente a garaxe e dun solo vehículo. Desta forma, non poderá realizar ningunha obra dirixida a alterar a súa finalidade.

B) Obrigas específicas dos adxudicatarios en réxime de compravenda.

1º) Acreditar ter ingresado o importe íntegro do ben no prazo que se lle indique na resolución da adxudicación, que non será inferior a trinta días naturais.

De conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS, o incumprimento desta obriga facultará ao IGVS para resolver a adxudicación, con



perda da garantía provisional constituída, sen prexuízo das demais responsabilidades en que puidera incorrer.

Da mesma forma, deberase acreditar o ingreso dunha cantidade equivalente ao imposto sobre o valor engadido, que en ningún caso se considerará incluído na oferta.

Os ingresos a que se refire o apartado anterior deberán facerse na conta bancaria que ao efecto se sinala na resolución de adxudicación.

2º) Os adxudicatarios quedan obrigados a formalizar o contrato de compravenda e a elevalo a escritura pública na data que sinala o IGVS, perante o notario que por quenda lles corresponda. Para estes efectos, o inmovible adquiriranse como corpo certo.

3º) Serán por conta do comprador tódolos gastos notariais e rexistrais que se produzan como consecuencia do outorgamento da escritura compravenda. Ademais, quedará obrigado o comprador a entregar ao IGVS a copia da escritura debidamente inscrita no Rexistro da Propiedade.

O incumprimento das obrigas asumidas polo comprador que se elevasen a elemento esencial do contrato terán o carácter de condición resolutoria expresa da compravenda e da adxudicación da que trae causa, debendo constar tal circunstancia na escritura pública, e todo elo con independencia dos danos e prexuízos que corresponda satisfacer ao IGVS e que sexan consecuencia de ditos incumprimentos.

C) Obrigas específicas dos adxudicatarios en réxime de alugueiro.

1º) Aboar, no prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación da resolución e, en todo caso, con carácter previo á sinatura do contrato, o importe de dúas mensualidades de renda, en concepto de fianza do contrato de alugueiro.

De conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS, o incumprimento desta obriga facultará ao IGVS para resolver a adxudicación, con perda da garantía provisional constituída, sen prexuízo das demais responsabilidades en que puidera incorrer.

2º) Formalizar o contrato de arrendamento na data que sinala o IGVS.



3º) Aboar as mensualidades de renda, xunto co IVE, na forma determinada no contrato de arrendamento.

4º) Aboar os gastos de comunidade: Serán de conta do adxudicatario o pagamento dos gastos xerais para o adecuado sostemento do bloque ou, no seu caso, do grupo no que está o ben, os seus servizos comúns, tributos, cargas, e demais responsabilidades que non sexan susceptibles de individualización, e que o propietario satisfaga para a prestación dos servizos que o adxudicatario goce por tal concepto.

7º) O adxudicatario en réxime de arrendamento estará obrigado a asumir as seguintes condicións esenciais do contrato:

I. Duración do arrendamento

A duración do arrendamento será de un (1) ano prorrogables por períodos anuais.

II. Revisión da renda

A renda será actualizada na data en que se cumpra cada ano de vixencia do contrato, aplicando á renda correspondente a variación porcentual experimentada polo Índice de Prezos ao Consumo do Instituto Nacional de Estatística a nivel provincial, nun período de doce meses inmediatamente anterior á data de cada actualización.

A renda actualizada será esixible ao arrendatario a partir do mes seguinte a aquel na que a parte interesada o notifique á outra parte por escrito, expresando a porcentaxe de alteración aplicada e xuntando, se o arrendatario o esixise, a oportuna certificación do Instituto Nacional de Estatística, ou facendo referencia ao "Boletín Oficial" no que se publique.

III. Prohibición de subarrendamentos, cesións, traspasos ou substitucións

O arrendatario non poderá ceder, subarrendar ou traspasar o dereito que naza do contrato, nin ser substituído por outro no seu dereito.

IV. Exclusión do dereito de adquisición preferente

No contrato establecerase expresamente que non serán de aplicación a estes arrendamentos.



V. Aseguramento do ben

A parte arrendataria comprometerase a contratar e manter en vigor durante a vixencia do contrato unha póliza de seguro na que se designe como beneficiaria á parte arrendadora e que asegure o ben como mínimo contra o risco de incendio e de responsabilidade civil que cubra o risco de danos e prexuízos que puideran ocasionarse a persoas, cousas ou ao propio inmovible, como consecuencia do uso, sexa por actos ou omisións do arrendatario ou do persoal dependente.

A parte arrendataria exime expresamente á propietaria de calquera responsabilidade derivada do funcionamento e posta en marcha do negocio instalado no local.

A parte arrendataria deberá presentar ante o IGVS, no prazo máximo dun mes desde a sinatura do contrato, copia da póliza/s do seguro/s referido/s. O incumprimento desta obriga determinará a resolución do contrato.

VI. Pagamento do Imposto de Bens Inmables (IBI)

No que atinxe ao IBI que grava o ben, acórdase polas partes que o seu pagamento lle corresponda ao arrendatario. O primeiro recibo de pagamento do IBI que asume o arrendatario será o correspondente ao do exercicio seguinte ao ano de asinamento do contrato.

VII. Outras obrigas do arrendatario

O arrendatario virá obrigado a manter en bo estado de uso e conservación o ben arrendado, así como todas as instalacións existentes. Farase responsable, igualmente, da reparación de cantos danos se causen aos elementos comúns do inmovible.

O arrendatario, como usuario das instalacións, asumirá expresamente a obriga de realizar á súa costa as operacións de inspección obrigatoria e mantemento obrigatorio das instalacións individuais que tivera o ben, de acordo co que estableza a normativa vixente.

No caso de que no ben exista calquera tipo instalación nas que sexa obrigatoria a súa revisión periódica, será dita revisión así como as reparacións e substitucións que se deriven do desgaste polo uso ordinario de cargo do arrendatario. Serán tamén da súa



conta os gastos de consumos individuais e os comunitarios en relación á cota de participación do inmovible nos elementos comúns establecida na escritura de división horizontal.

A parte arrendataria virá obrigada, ademais:

- a) A non realizar instalación ningunha que produza vibracións ou ruídos molestos para o resto de ocupantes do inmovible ou dos lindeiros, ou que podan afectar á consistencia ou conservación do inmovible.
- b) A non almacenar ou manipular no ben materiais explosivos, inflamables, ou insalubres, así como respectar as disposicións vixentes na materia.
- c) A permitir o acceso ao ben para a realización de inspeccións e comprobación ou realización de obras e reparacións.
- d) A respectar as normas estatutarias, regulamentarias e acordos da Comunidade de propietarios do inmovible, respecto á utilización dos elementos comúns e do réxime de convivencia.

13.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, especialmente no seu artigo 6.1, letra e), maniféstase:

Primeiro.- A lexitimación para o tratamento dos datos, de conformidade co seu artigo 6.1, letra e) Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril do 2016 é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 3/1988, de 27 de abril, de creación do IGVS.

Segundo.- Os datos persoais proporcionados polas persoas ofertantes para a participación no presente procedemento serán tratados coa finalidade de garantir a súa protección, polo que se conservarán durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.



Así mesmo, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia, como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, a fin de dar a publicidade legalmente esixida ao procedemento.

No caso de que os ofertantes facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, previamente á súa inclusión deberán informar aos interesados dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

Terceiro.- O órgano responsable do tratamento e a Dirección Xeral do IGVS, sendo este ante o cal as persoas lexitimadas poderán exercer os dereitos de información, acceso, rectificación, limitación, portabilidade, cancelación e oposición recollidos no Regulamento (UE) 2016/679, del Parlamento Europeo y del Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, segundo se establece na información adicional na páxina web: <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Os interesados poderanse poñer en contacto co delegado de protección de datos correspondente segundo o especificado en <https://www.xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos>.

ANEXO I.- LOCAIS COMERCIAIS

PROVINCIA DA CORUÑA

EXPEDIENTE	LOCALI- DADE	ENDEREZO	SUP. ÚTIL (m ²)	REFERENCIA CATASTRAL	VALOR VENTA (SEN IVE)	RENTA ANUAL (SEN IVE)
C1IV78:9002	FERROL	ENRIQUE GRANADOS N°4 Blo- que 41 BAIXO-LOCAL	79,64	4644328NJ6144S0001UU	16.366,02 €	490,98 €
C1IV78:9003	FERROL	ENRIQUE GRANADOS N.º 7 Blo- que 41 BAIXO-LOCAL	81,24	4644329NJ6144S0001HU	16.694,82 €	500,84 €
C1IV78:9004	FERROL	ENRIQUE GRANADOS N°10 Blo- que 41 BAIXO-LOCAL	81,24	4644330NJ6144S0001ZU	16.694,82 €	500,84 €
C1IV78:9005	FERROL	ENRIQUE GRANADOS N°12 Blo- que 41 BAIXO-LOCAL	81,24	4644331NJ6144S0001UU	16.694,82 €	500,84 €
C1IV78:9006	FERROL	ENRIQUE GRANADOS N°14 Blo- que 41 BAIXO-LOCAL	81,24	4644332NJ6144S0001HU	16.694,82 €	500,84 €
C1IV78:9007	FERROL	ENRIQUE GRANADOS N°16 Blo- que 41 BAIXO-LOCAL	79,64	4644333NJ6144S0001WU	16.366,02 €	490,98 €
C1IV78:9011	FERROL	ENRIQUE GRANADOS N°23 Blo- que 41 BAIXO-LOCAL	79,64	4644315NJ6144S0001OU	16.366,02 €	490,98 €
C1IV781:9004	FERROL	EMILIA PARDO BAZAN N°2, Ptal. 43, Local B°	40,16 (constr)	4745108NJ6144N0002OM	8.252,88 €	247,59 €
C104CD67:9000	PONTE- DEUME	PINCHO N°18 Bloque 2 LOCAL	16,24	NON CONSTA	7.770,68 €	233,12 €
C136CD63:8103	CORUÑA (A)	PZ DOS CASTAÑOS,	30,36	8696802NH4989N0006BX	18.146,48 €	568,44 €
C136CD63:8177	CORUÑA (A)	TULIPANES 11-4 IZQ	9,85	8492401NH4989S0092RB	5.887,44 €	176,64 €
C136CD63:8196	CORUÑA (A)	PENSAMIENTOS	28,68	8393401NH4989S0040EY	17.142,32 €	514,32 €
C2CD68:9027	FERROL	ALCALDE QUINTANILLA MNEZ, 6, Bl6, Es2, Pl00, PtF, UV-2, Bl 2- Edif 6	638,74	4446308NJ6144N0006RR	231.893,33 €	6.956,80 €
C2CD68:9043	FERROL	ALCALDE QUINTANILLA MNEZ, 8, N2-8, Es2, Pl00, PtF, UV-2,	638,74	4446307NJ6144N0007LT	231.893,33 €	6.956,80 €



C2CD68:9059	FERROL	RU ALCALDE QUINTANILLA MNEZ, 10, Es E, Pl00, PtF, UV-2, BQ 6, 10	1.244,10	4446306NJ6144N0006OR	420.306,67 €	12.609,20 €
C2CD68:9142	FERROL	CARANZA, U.V. 5 RÚA BREGÁN BAJO, B-27, P-3	42,50	4550730NJ6145S0003HE	10.334,73 €	310,04 €
C2000/010:9006	RIANXO	URBANIZACIÓN A MARTELA, RÚA XOSÉ MARÍA BREA SE- GADE, N.º 3, ZONA Z4	59,37	5322001NH1252S0015RK	27.640,80 €	829,22 €
C2000/010:9007	RIANXO	URBANIZACIÓN A MARTELA, RÚA XOSÉ MARÍA BREA SE- GADE, N.º 3, ZONA Z4	67,62	5322001NH1252S0016TL	30.572,40 €	917,17 €
C2000/010:9008	RIANXO	URBANIZACIÓN A MARTELA, RÚA XOSÉ MARÍA BREA SE- GADE, N.º 3, ZONA Z4	63,61	5322001NH1252S0017YB	29.734,80 €	892,04 €
C2000/010:9009	RIANXO	URBANIZACIÓN A MARTELA, RÚA XOSÉ MARÍA BREA SE- GADE, N.º 3, ZONA Z4	64,37	5322001NH1252S0024PQ	30.991,20 €	929,74 €
C2000/010:9010	RIANXO	URBANIZACIÓN A MARTELA, RÚA XOSÉ MARÍA BREA SE- GADE, N.º 5, ZONA Z3	61,06	5322001NH1252S0025AW	28.059,60 €	841,79 €
C2000/010:9011	RIANXO	URBANIZACIÓN A MARTELA, RÚA XOSÉ MARÍA BREA SE- GADE, N.º 3	60,23	5322001NH1252S0026SE	26.803,20 €	804,10 €
C2008706:9001	FERROL	SALVADOR ALLENDE GOSENS Nº11 BAIXO-LOCAL1	35,06	4156915NJ6145N0001EH	15.125,90 €	453,78 €
C2008706:9002	FERROL	SALVADOR ALLENDE GOSENS Nº11 BAIXO-LOCAL2	31,17	4156915NJ6145N0002RJ	13.533,70 €	406,01 €
C2008706:9003	FERROL	SALVADOR ALLENDE GOSENS Nº11 BAIXO-LOCAL3	30,94	4156915NJ6145N0003TK	13.533,70 €	406,01 €
C2008707:9001	FERROL	SALVADOR ALLENDE GOSENS, LOCAL 1	82,27	4055823NJ6145N0001QH	34.829,38 €	1.044,88 €
C2008707:9002	FERROL	SALVADOR ALLENDE GOSENS, 17, LOCAL 2	82,91	4055823NJ6145N0002WJ	35.052,28 €	1.051,57 €
C2008707:9003	FERROL	SALVADOR ALLENDE GOSENS, 17, LOCAL 3	54,93	4055823NJ6145N0003EK	23.871,06 €	716,13 €



C2015CH01:9001	BETAN- ZOS	RÚA DA CERCA Nº9 Piso: BAIXO	47,15	4225908NH6942N0001PZ	51.617,18 €	1.548,52 €
C2015CH02:9001	BETAN- ZOS	RÚA DA CERCA Nº13 Piso: BAIXO	55,95	4225906NH6942N0001GZ	68.968,10 €	2.069,04 €
C2012CH03:9001	BETAN- ZOS	RÚA CLÉRIGOS Nº13 Piso: BAIXO	25,43	4226102NH6942N0001ZZ	27.267,81 €	818,03 €
C2017CH07:9001	FERROL	RÚA VIRXE (ARGÜELLES, Nº 1) Nº23 BAIXA	38,00	1444404NJ6114N0001PP	24.863,10 €	745,89 €
C2019010:9001	CORUÑA (A)	R/ JOSÉ LESTA MEIS Nº14 A 20 LOCAL 1	98,92	87853B5NH4988N0000UX	86.418,49 €	2.592,55 €
C2019010:9002	CORUÑA (A)	R/ JOSÉ LESTA MEIS Nº14 A 20 LOCAL 2	73,74	87853B5NH4988N0000UX	64.420,74 €	1.932,62 €
C2019010:9003	CORUÑA (A)	R/ JOSÉ LESTA MEIS Nº14 A 20 LOCAL 3	133,03	87853B5NH4988N0000UX	116.217,67 €	3.486,53 €
C2019010:9004	CORUÑA (A)	R/ JOSÉ LESTA MEIS Nº14 A 20 LOCAL 4	116,88	87853B5NH4988N0000UX	102.108,71 €	3.063,26 €
C2019010:9005	CORUÑA (A)	R/ JOSÉ LESTA MEIS Nº14 A 20 LOCAL 5	34,59	87853B5NH4988N0000UX	30.218,52 €	906,56 €
C00000:1	AMES	ROSALÍA DE CASTRO, 34, ÁTICO 7	51,00	4638902NH3443N0180OS	30.292,34 €	907,50 €
C586:8003	FERROL	PUMARIÑO, 5, Baixo esquerda	56,60	3068601NJ6136N0002WU	28.345,33 €	850,36 €
C586:8004	FERROL	GRUPO SANTA MARIÑA-ACI- ÑEIRA, 7, Baixo dereita	56,60	3168901NJ6136N0002YU	28.345,33 €	850,36 €
C81050:9031	FERROL	ESTEIRO, SOTANO, BLOQUE 4	859,87	2946604NJ6134N0001QK	304.359,72 €	9.130,79 €
C81050:9040	FERROL	ESTEIRO, SOTANO, BLOQUE 5	670,25	2946601NJ6134N0001BK	231.893,12 €	6.956,79 €
C82010:9020	FERROL	ESTEIRO, RÚA Z - BLOQUE 23, PORTAL 5 - BAIXO DER	36,92	3553725NJ6135S0001ZB	23.721,10 €	711,63 €
C82010:9021	FERROL	ESTEIRO, RÚA Z - BLOQUE 23, PORTAL 6 - BAIXO ESQUERDA	24,33	3553724NJ6135S0002DZ	15.632,03 €	468,96 €
C83010:9001	ORTI- GUEIRA	RÚA CEDEIRA, BAIXO ES- QUERDA, P-1	11,15	2478401NJ9327N0001YL	3.708,71 €	111,26 €
C85220:9006	FERROL	ANTELO, PORTAL 3 - BAIXO DE- REITA	46,00	3047402NJ6134N0030HG	26.292,96 €	788,78 €
C85220:9015	FERROL	ANTELO, PORTAL 8 - BAIXO DE- REITA	68,60	3047403NJ6134N0044DE	39.210,81 €	1.176,32 €



C88040:9001	AS PON- TES	RÚA CABANAS, N.º 37, PORTAL 1, BAIXO DEREITA	20,00	3418018NJ9131N0001AE	8.822,80 €	264,68 €
C88040:9002	AS PON- TES	RÚA CABANAS, N.º 35-37, POR- TAL 1-2, BAIXO	43,26	3418018NJ9131N0002SR	19.083,72 €	572,51 €
C88040:9003	AS PON- TES	RÚA CABANAS, N.º 33-35, POR- TAL 2-3, BAIXO	45,77	3418018NJ9131N0003DT	20.190,98 €	605,73 €
C88040:9004	AS PON- TES	RÚA CABANAS, N.º 31-33, POR- TAL 3, BAIXO 4	45,85	3418018NJ9131N0004FY	20.226,27 €	606,79 €
C88040:9005	AS PON- TES	RÚA CABANAS, N.º 31, PORTAL 4, BAIXO 5	22,58	3418018NJ9131N0005GU	9.960,94 €	298,83 €
C88040:9006	AS PON- TES	RÚA ARES, BAIXO 6	391,74	3418018NJ9131N0006HI	172.812,18 €	5.184,37 €
C89040:9003	BETAN- ZOS	PRAZA SAN ANTONIO, 25, POR- TAL B, BAIXO	74,35	3817701NH6931N0033FM	42.030,80 €	1.260,92 €
C89040:9004	BETAN- ZOS	PRAZA SAN ANTONIO, 25, POR- TAL B, BAIXO	77,44	3817701NH6931N0035HW	43.777,61 €	1.313,33 €
C95010:9001	MELIDE	CTRA. SADA-ARMUÑO, AVDA. XOÁN VICENTE VIQUEIRA, N.º17 Bloque A-Baixo esquerda	50,28	0715202NH8501N0001IG	26.822,37 €	804,67
C97020:9001	SADA	CTRA. SADA-ARMUÑO, AVDA. XOÁN VICENTE VIQUEIRA, N.º17 Bloque A-Baixo esquerda- Nivel 1	68,50	0897107NH6909N0001OO	21.885,00 €	656,55 €
C97020:9002	SADA	CTRA. SADA-ARMUÑO, AVDA. XOÁN VICENTE VIQUEIRA, N.º17 Bloque A-1ªPlanta alta- Nivel 2+3	80,60	0897107NH6909N0002PP	25.386,60 €	761,60 €
C97020:9003	SADA	CTRA. SADA-ARMUÑO, AVDA. XOÁN VICENTE VIQUEIRA, N.º17 Bloque A-bloque A, planta alta, esquerda, nivel 4	388,50	0897107NH6909N0003AA	121.972,40 €	3.659,17 €
C97020:9004	SADA	CTRA. SADA-ARMUÑO, AVDA. XOÁN VICENTE VIQUEIRA, N.º17 Bloque B. Baixo dereita	172,00	0897107NH6909N0004SS	54.187,26 €	1.625,62 €
C97020:9005	SADA	CTRA. SADA-ARMUÑO, AVDA. XOÁN VICENTE VIQUEIRA, N.º17	275,30	0897107NH6909N0005DD	86.416,57 €	2.592,50 €



		Bloque B-planta 1ª alta, dereita, nivel 2				
C97020:9006	SADA	CTRA. SADA-ARMUÑO, AVDA. XOÁN VICENTE VIQUEIRA, N°17 Bloque B- planta 2-3 dereita, nivel 3-4	216,50	0897107NH6909N0006FF	69.565,12 €	2.086,95 €
